

I CONCURSO DE COMPOSICIÓN DE PASODOBLES

“VILA DE ARCADE”

30 de abril de 2018

BASES DO I CONCURSO DE COMPOSICIÓN DE PASODOBRES “VILA DE ARCADE”

“150 anos facendo música e músic@s, e por outros tantos”.



Motivo da convocatoria.

Aló polo 8 de agosto de 1868, púxose en marcha una agrupación de amigos para comenzar una andáina a través da xeografía Española e a través do tempo.

Éstas son as raíces da banda de música, que neste ano 2018 cumplirá 150 anos de historia, a Banda de Música Artística de Arcade.

Por este motivo, principalmente, a Asociación Musical Artística de Arcade coa axuda do Concello de Soutomaior, deciden lanzar esta convocatoria para a creación dun pasodoble conmemorativo de tal evento.

A continuación veñen recollídas as bases para a participación no concurso.

BASES

ESPAÑA

I CONCURSO DE COMPOSICIÓN MUSICAL DE PASODOBRES

“VILA DE ARCADE”

A ASOCIACIÓN MUSICAL ARTÍSTICA DE ARCADE, CON AXUDA DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR, A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES E MUSICAL PONTEVEDRA

CONVOCAN O I CONCURSO DE COMPOSICIÓN MUSICAL DE PASODOBRES

“VILA DE ARCADE” SOUTOMAIOR- PONTEVEDRA

QUE SE DESENVOLVERÁ ATENDENDO AS SEGUINTES BASES

1. A Asociación Musical Artística de Arcade convoca o I Concurso de Composición Musical de Pasodobres “VILA DE ARCADE” dotado con tres premios:
 - 1º premio: 600 € e diploma.
 - 2º premio: 300 € e diploma.
 - 3º premio: 100 € e diploma (Premio Musical Pontevedra).
2. Poderán participar no concurso tódolos/as compositores/as que o desexen.
3. Non haberá cuota de inscripción.
4. As composicións deberán ser, pasodobres orixinais e inéditos, entendéndose como tales, aqueles que sexan de nova creación, que non sexan copia, modificación ou versión de outros existentes, e que non fosen difundidos por ningún medio de comunicación, nin editados por ningún selo discográfico nin editorial, e sen que fosen confiados anteriormente para a súa interpretación a orquestra ou banda algunha, sendo motivo de descalificación da obra a divulgación da mesma, a sua presentación antes da proclamación e estreo indicado nas presentes bases.
5. As partituras axustaranse estritamente á plantilla que se detalla no ANEXO I, quedando fora do concurso aquelas que non cumpran este requisito.
6. As partituras enviaranse en papel, por duplicado (guión full score) en tamaño A-3 ou A4, una soa copia do material individual (partichelas) de cada un dos instrumentos da plantilla e un audio en formato midi grabado nun cd. Xunto co material anteriormente sinalado, no cal non poderá figurar o nome ou seudónimo coñecido do/a autor/a, se non so e necesariamente un lema libremente elixido por este/a, presentaranse nun sobre pechado no que no seu exterior figure o lema elixido, contendo no seu interior una nota na que se repita o mesmo lema e se consignarán o nome, apelidos, domicilio, documento nacional de identidade ou pasaporte e

número de teléfono do/a autor/a. Tamén declaración xurada de que e orixinal e inédita (ANEXOII).

7. Os traballos deberán presentarse escritos a tinta negra e con grafismo claro, sen enmendas nin tachaduras, sendo igualmente válidos os impresos por sistema informático.
8. A recepción das obras finalizará o 13 de Xullo de 2018 ás 15:00 horas.
9. As obras remitiranse, no prazo establecido no artigo anterior a nome da "Asociación Musical Artística de Arcade (Praza de Cimadevila N°22, CP: 36.690 Arcade, Sotomaior, Pontevedra, Galicia, España).
10. O xurado estará integrado por cinco membros elixidos pola organización; a composición do tribunal darase a coñecer o día do estreno da composición, mantendo o anonimato para calquera dos/das concursantes e unha vez efectuada a selección das obras presentadas, escollendo tres que, a seu xuízo sexan de maior calidade para obter a consideración de finalistas. O día 12 de agosto, a Banda Artística de Arcade, coincidindo coa celebración do seu 150 aniversario, interpretará as obras finalistas, e en dito acto procederá ao fallo do xurado e a entrega de premios.
11. Os/as autores/as galardonados/as conservarán tódolos dereitos que a Lei de Propiedade Intelectual concede aos/as autores/as respecto a audicións públicas, edicións impresas, gravacións e calquera outra coñecida pola Lei.
12. Será obligatorio mencionar nos programas de concertos en que se interpreten as obras premiadas, así como en edicións impresas, discos, edicións radiofónicas ou televisión a seguinte lenda segundo corresponda: "PRIMEIRO PREMIO, SEGUNDO PREMIO OU TERCEIRO PREMIO DO I CONCURSO DE COMPOSICIÓN MUSICAL DE PASODOBRES "VILA DE ARCADE" ARCADE 2018.
13. As partituras das obras premiadas pasarán a formar parte do arquivo da Banda Artística de Arcade e do Excmo. Concello de Soutomaior, podendo ser editadas e gravadas sen necesidade do permiso do/a autor/a.
14. As obras non premiadas conservaranse na Asociación Musical Artística de Arcade durante un prazo de tres meses a partir da data en que se faga público o fallo do xurado. Durante este prazo serán devoltas aos/as autores/as que o soliciten, contra-reembolso do coste por correo ou retirándoa personalmente. Transcorrido este tempo serán destruidas.
15. O concurso poderá declararse deserto cando en base a calidade das composicións así o estime o xurado.
16. Tódolos/as participantes neste concurso aceptan as presentes bases así coma o fallo do xurado que será inapelable.

NOTA: Os/as componentes da Banda Artística de Arcade otorgan una mención consistente nun diploma, ao mellor dos pasodobres seguindo o seu criterio. Dita mención (diploma) pode conincidir ou non, coa decisión do xurado.

ANEXO I

PLANTILLA.

Frautín

Frautas 1, 2.

Óboes 1, 2.

Fagot 1 (opcional)

Requinto Mi Bemol. (Opcional)

Clarinetes Si Bemol Principal e 1º.

Clarinetes Si Bemol 2º e 3º.

Clarinete Baixo (Opcional)

Saxofón Soprano Si Bemol (Opcional)

Saxofón Alto Mi Bemol 1, 2.

Saxofón Tenor Si Bemol 1, 2.

Saxofón Barítono Mi Bemol.

Trompetas Si Bemol 1, 2 y 3

Fliscornos Si Bemol 1, 2. (Opcional)

Trompas Fa 1 e 2

Trombóns 1, 2 y 3

Trombón Baixo (opcional)

Bombardinos Do 1, 2.

Tuba 1 e 2.

Percusión (4 miembros)

ANEXO II

Declaración Xurada

Eu, D/dna _____, con DNIN: _____ e con domicilio
en _____,
presento a este concurso a obra co lema _____,

e manifesto que son autor/a desta obra, que se trata dunha obra orixinal, inédita e que non infrinxe ningún derecho de terceiros/as, que non se interpretou nunca e que non plaxiou en parte ninguna outra.

Tamén declaro que é a única obra presentada por mim a este concurso e que acepto as bases que expresamente declaro coñecer.

En _____, a _____ de _____ de 2018

Sinatura do autor/a

Asociación Musical Artística de Arcade

Prazade Cimadevila, Nº22, CP: 36.690 Arcade, Soutomaior- Pontevedra-Galicia

Teléfonos: 693703551 e 680414405

Email: artisticadearcade@gmail.com

ORGANIZACIÓN



COLABORACIÓN



CONCELLO DE
SOUTOMAIOR

